

Escolma aforística dos cemiterios da provincia da Coruña

ESTANISLAO FERNÁNDEZ DE LA CIGÑOÑA E NÚÑEZ*

Sumario
Aforismos dos cemiterios da provincia da Coruña
Abstract
Epitaphs in the cemeteries in the province of A Coruña

ANTECEDENTES

Neste traballo presentámo-los aforismos cemiteriais da provincia da Coruña. Concretamente, atopamos un total de 30 cemiterios que amosan este tipo de epígrafes, dos que 27 son católicos e 3 protestantes. Esta é a relación dos mesmos, ordenada alfabeticamente segundo o concello ó que pertencen:

Cemiterio protestante de Ares
Cemiterio Municipal de Betanzos
Cemiterio protestante de Santa María de Castro (Boiro)
Cemiterio Parroquial de San Vicente de Cespón (Boiro)
Cemiterio Parroquial de San Mamede de Laraxe (Cabanas)
Cemiterio protestante de Soaserra (Cabanas)
Cemiterio Parroquial de San Martiño de Cances (Carballo)
Cemiterio Parroquial da Barqueira (Cerdido)
Cemiterio Parroquial de San Pedro de Valenzá (Coristanco)
Cemiterio Municipal de San Amaro da cidade da Coruña
Cemiterio Parroquial de Santa Mariña de Sillobre (Fene)
Cemiterio Municipal do Ferrol (O Ferrol)
Cemiterio Parroquial de San Xurxo da Mariña (O Ferrol)

Cemiterio Parroquial de Caión (Laracha)
Cemiterio Municipal de Malpica de Bergantiños
Cemiterio Parroquial de San Estevo de Sedes (Narón)
Cemiterio Parroquial vello de Santa María de Neda (Neda)
Cemiterio Parroquial novo de Santa María de Neda (Neda)
Cemiterio Municipal de Noia
Cemiterio Parroquial de San Martiño de Cores (Ponteceso)
Cemiterio Municipal da vila de Porto do Son
Cemiterio Parroquial de Santa María de Asados (Rianxo)
Cemiterio Parroquial de Santa Sabiña (Santa Comba)
Cemiterio das parroquias de Carreira/Aguiño (Ribeira)
Cemiterio de Bonaval de Santiago de Compostela
Cemiterio Parroquial de Conxo (Santiago)
Cemiterio Parroquial de San Martiño de Vilarrube (Valdoviño)
Cemiterio Parroquial de Berdoias (Vimianzo)
Cemiterio Parroquial de Santa Eulalia de Tines (Vimianzo)
Cemiterio Parroquial de San Miguel de Treos (Vimianzo)

*Estanislao Fernández de la Cigñoña Núñez é presidente da Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía (AGCE).

¿QUE ENTENDEMOS POR AFORISMO?

Poderíamos defini-lo aforismo como «unha frase breve, clara, evidente que encerra unha útil e profunda ensinanza».

E esta frase aparece xeralmente colocada por riba da porta de entrada ós cemiterios, sexan estes católicos ou protestantes coa intención de toca-la nosa conciencia, servindo, polo tanto, de chamada ou advertencia tanto ós usuarios do camposanto como os que pasan ó seu carón.

A idea de adobia-las portas dos nosos cemiterios con este tipo de mensaxes naceu mesmamente o día que aqueles se construíron. Poderíamos pensar, erradamente, que os cemiterios, tal como os coñecemos son unha cousa antiga, de sempre, e nada hai máis afastado da realidade. Se botasemos unha ollada os cemiterios da provincia da Coruña veremos que o máis antigo, o de San Amaro, na propia capital, data soamente do ano 1812. Anteriormente a esa data os cadáveres se enterraban baixo as lousas do templo, no interior da igrexa. Canto máis alta era a posición social do morto, máis achegado estaba do altar maior. Para os pobres sempre había un lugar baleiro preto da porta principal.

A IDADE DOS CEMITERIOS CORUÑESES

Dos 34 cemiterios coruñeses que coñecemos-lo ano da súa feitura, soamente sete son do século XIX, sendo o resto do XX, o que dá xa unha idea da súa extrema modernidade. Ó de San Amaro da cidade herculina, ostenta, como xa antes dixemos, a marca de antigüidade non só da provincia, senón de Galicia enteira. Séguenlle, en orde de vellez, o de Noia, de 1817. Outros cinco son xa da segunda metade do século XIX: Berdoias (Vimianzo), de 1853; Baio (Zas), de 1858; Vilarrube (Valdoviño), 1876; San Vicente de Meá (Mugardos) e Santa María de Neda, de 1899. O resto construíronse no XX.

Concello, parroquia, provincia, ano feitura

Ames, Biduído. Co.	1928
Ames, Ortoño. Co.	1964
Ares: vila de: cemiterio protestante. Co.	1916
Cabanas, Laraxe. Co.	1921
Cabanas, Soaserra (protestante). Co.	1956
Capela (A), As Neves. Co.	1931
Carballo, Cances. Co.	1994
Cerdido, A Barqueira. Co.	1909-1937
Coruña(A). San Amaro. Co.	1812
Dumbría, Ézaro. Co.	1926
Dumbría, Oliveira. Co.	1921
Fene, San Estevo de Sillobre. Co.	1927
Ferrol (O). Co.	1945
Ferrol (O), San Martiño de Covas. Co.	1973
Ferrol (O), San Xurxo da Mariña. Co.	1935
Fisterra (Vila de). Co.	1964-1989
Laracha, Caión. Co.	1986
Lousame, Fruíme. Co.	1989
Mazaricos, Arcos. Co.	1993
Mazaricos, Colúns. Co.	1928
Mugardos, San Vicente de Meá. Co.	1899
Muros (Vila de). Co.	1929
Narón, San Estevo de Sedes. Co.	1907
Neda, Santa María de Neda. Co.	1899
Noia (Vila de). Co.	1817
Ortigueira, Cuíña. Co.	1914
Ortigueira, San Claudio. Co.	1905
Padrón (Vila de). Co.	1986
Ponteceso, Brántoas. Co.	1954
Porto do Son, Queiruga. Co.	1960
Sobrado dos Monxes, Cumbraos. Co.	1949
Valdoviño, Vilarrube. Co.	1876
Vimianzo, Berdoias. Co.	1853
Zas, Baio. Co.	1858

Nota. A segunda das datas que aparecen nos cemiterios da Barqueira (Cerdido) e Fisterra corresponde a unha ampliación.



«O aforismo é unha frase breve, clara, evidente e que encerra unha útil e profunda ensinanza». Este que recollemos do cemiterio de Caleiro (Vilanova de Arousa - Pontevedra) repítese nos cemiterios coruñeses de San Amaro, San Estevo de Sedes (Narón) e Santa Eulalia de Tins (Vimianzo) con pequenas variantes.

ORIXE DOS AFORISMOS CORUÑESES

Decatámonos, axiña, que o comenzo da feitura dos cemiterios tanto en Galicia como no resto de España, coincide co nacemento da época romántica. Quizais esta corrente estética, filosófica e artística tivo que ver co adobío das portas dos nosos camposantos mediante frases, pois moitas veces a morte era vista polos románticos como unha liberación ou saída ós problemas que a propia vida presenta a cotío. De tódolos xeitos, os aforismos tal como os coñecemos, viñan de moito máis lonxe e son un préstamo que a relixión cristiá tomou da xudea, pois non debemos esquecer que algúns libros do Antigo Testamento abundan neste tipo de mensaxes. Referímonos principalmente os de «Xobe», «Salmos», «Proverbios», «Eclesiastés», «Sabedoría» e «Eclesiástico», estando algún deles catalogados como auténticos libros de aforismos relixiosos, morais e políticos.

Polo que respecta ó Novo Testamento o «Apocalipse» de San Xoán, recolle tamén algúns pensamentos que despois veremos reproducidos máis repetidamente nas portas e muros dos cemiterios da nosa terra e



Quen crea que os cemiterios existen dende sempre levará moitas sorpresas. «Campo Santo» de Carreira/Aguiño (Ribeira) feito no ano 1935.

referímonos concretamente aquel que di: «*Beati mortui qui in Domino moriuntur*» ou a súa transcripción castelá: «*Bienaventurados los muertos que mueren en el Señor*».

Outros aforismos, sen embargo, se deben os pensamentos, ideas ou ocorrencias dos propios curas párrocos, sendo absolutamente orixinais no seu contido e non tendo, polo tanto, equivalencia noutros lugares de España.

MATERIALE MÉTODO EMPREGADO

A recolla dos aforismos de Galicia comenzámola no ano 1990 e non seguimos un sistema metódico de visitas ós cemiterios, senón que ficou por completo ó chou,

examinando cantos máis mellor cada vez que faciamos un desprazamento por calquera estrada ou camiño da nosa rexión. En total, visitaríamos preto de dous mil cemiterios dos que recolleamos uns trescentos aforismos que nos permiten agora un estudio comparado, pois tamén temos datos doutras rexións de España e dalgúns lugares de Portugal. De tódolos xeitos, a cantidade de cemiterios que amosan aforismos é moi reducida e segundo publicabamos (FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA, 2002) o seu número non se debe achegar nin sequera ó 2 ou 3% do total.

Os aforismos dos nosos cemiterios como os de calquera outro lugar gozan da marca de ser estrictamente oficiais. Con isto queremos dicir que non se deben á intención de particulares, devotos, parentes ou amigos dos defuntos, senón que reflicten o sentir «oficioso» e de predominio absoluto da Igrexa (Católica ou Protestante, segundo os casos) sobre o camposanto no que se colocan.

En verdade, soamente o párroco (ou pastor, no caso dos cemiterios evanxélicos) é o que fai e desfai ó seu antollo, dispendo, segundo ó seu bo entender e parecer, do que se debe e pode pór nas portas e muros dos camposantos que gobernan dende o seu nacemento.

OS CEMITERIOS CIVÍS, Á ESQUERDA SEMPRE DOS CATÓLICOS

Pode parecer unha casualidade, pero os cemiterios civís e protestantes, sempre están, cando figuran pegados ou próximos ós católicos, á esquerda dos mesmos. E esto ten unha explicación lóxica: o lugar de enterramento está dalgunha forma dirixindo o propio destino das almas. Efectivamente, nos cemiterios civís entérranse os non cristiáns xunto cos agnósticos, masóns,

suicidas, duelistas, escomungados, ateos e apóstatas recalcitrantes, que entran, todos, pola porta situada á man esquerda da católica. E o motivo desta disposición non é meiramente casual, como puidese parecermos nunha primeira ollada, pois no Evanxeo de San Mateo (Mt: 25.33-43) ó falar do Xuízo Final que espera a tódolos mortais na consecución dos séculos está claramente expresado que: «*Virá o Fillo do Home na súa gloria e tódolos anxos con El e sentarase no seu trono glorioso: diante del reuniranse tódalas nacións; e separará uns dos outros, como xebra e pegureiro as ovellas das cabras. E poñerá as ovellas á súa dereita e as cabras á súa esquerda. Entón dirá o Rei ós da súa dereita: vinde, benditos do meu Pai, recibide a herdanza do Reino preparado para vós desde a creación do mundo. Porque tiveron fame déstesme de comer; tiveron sede e déstesme de beber; fun forasteiro e acolléstesme; estiveron en coiro e vestístesme; estiveron na cadea e veñístesme a ver. Entón preguntaranlle os xustos: Señor, ¿cando te vimos famento e che demos de comer; ou sedento e che demos de beber? ¿Cando te vimos forasteiro e te acollemos; ou en coiro e te vestimos? ¿Cando te vimos enfermo ou na cadea e te visitamos? O Rei contestaralles: asegúrovos que canto fixestes cun destes irmáns meus máis pequenos fixéstelo comigo. E diralles logo ós da súa esquerda: arredade de min, malditos; ide para o lume eterno preparado para satán e para os seus anxos».*

Unha lectura abreviada de tan longa pasaxe sería: lado dereito ou entrada dereita: «*Vinde, benditos do meu Pai, recibide a herdanza do Reino preparado para vós desde a creación do mundo*». Lado esquerdo ou entrada esquerda: «*Arredade de min, malditos; ide para o lume eterno preparado para satán e para os seus anxos*».

LUGARES DE COLOCACIÓN DOS AFORISMOS

Na provincia da Coruña os aforismos aparecen principalmente nos seguintes lugares:

- 1°. Porta de entrada: xambas, padeiras e frontispicios.
- 2°. Muros exteriores que dan ó camiño de acceso.
- 3°. Muros interiores: en lugares destacados, altos e visibles.
- 4°. Paredes externas da capela na que se rezan os responsos.
- 5°. Paredes externas da igrexa parroquial que dan ó camposanto.
- 6°. Cruceiros cemiteriais e fontes de uso público.
- 7°. Monumentos funerarios destacados.

A porta de entrada, os marcos maila padeira son os lugares máis visibles á hora de entrar no camposanto e serán, polo tanto, sitio privilexiado para deixar unha mensaxe deste xénero. Se a porta pola súa construción non presta para esta misión (por exemplo carece de ponte para grava-lo aforismo), pódense utiliza-los muros exteriores. As paredes interiores se son elevadas, os panos da capela onde se rezan os responsos, os cruceiros que aparecen entre as tumbas, a fonte onde se vai por auga son outros lugares que se poden usar dun xeito alternativo.

LINGUAS UTILIZADAS NOS AFORISMOS

Polo que respecta ós aforismos da provincia da Coruña, a maior parte están escritos en castelán, sendo contados os que utilizan o latín. Pola contra, o galego non está representado nesta provincia en ningún dos cemiterios que coñecemos. Respecto ó latín, os únicos que achamos os vemos no cemiterio parroquial de San Miguel de Treos (Vimianzo) e no de Conxo (Santiago), onde



Non sempre resulta doado le-los aforismos que se cobren de liques e musgos ante a indiferencia da xente.

nas pontes das portas lese:

«*REQUIESCANT IN PACE*».

Cun «*RYP*», acrónimo da frase anterior, comenza o vello de Santa María de Neda.

O de Berdoias (Vimianzo) pide un «*PATER NOSTER*» polos mortos despois de ter unha lembranza para eles: «*ACORDAOS DE TODOS LOS FIELES DIFUNTOS*». «*PAX IN REQUIE*», implora o de Carreira/Aguiño (Ribeira) e soamente cun «*PAX*» se conforma o municipal de Muros.

MANEIRAS DE NOMEA-LOS CEMITERIOS CORUÑESES

Normalmente aparecen chamados polo seu nome en castelán «*CEMENTERIO*», pero outras veces os vemos baixo denominacións máis rebuscadas. Por exemplo: a palabra «*CAMPOSANTO*»

aparece no de Caión (Laracha) e no de Rianxo. Eufemismo puro é bautizalos co nome de «*MANSIÓN*». «*TRISTE MANSIÓN*», denomínase o de San Xurxo da Mariña (O Ferrol) e «*MANSIÓN DE LA VERDAD*», o de Betanzos.

Nalgúns, ó nome común «*CEMENTERIO*», engaden outros adxectivos que identifican mellor a súa calidade. Hainos, así, estrictamente «*CATÓLICOS*», como o de Santa Eulalia de Tines (Vimianzo) e Ézaro; «*PARROQUIAS*» como o de Carreira/Aguiño (Ribeira), Culleredo, San Xián de Laño (Dodro), Fruime (Lousame), Queiruga (Porto do Son), Hermedelo (Rois), Cumbraos (Sobrado dos Monxes), Ponte Ulla (Vedra), etc. «*PARROQUIAL CATÓLICO*» é o de San Xoán de Laño (Dodro); «*MUNICIPAIS*» son os de Cee, Ferrol, Ladrido (Ortigueira) e Padrón e por último é sinxelamente «*VECINAL*», o da Capela.

CANDO AS ALEGORÍAS SE FAN AFORISMOS

Tampouco esquecemos que algunhas veces, poucas, por certo, aparecen a primeira e última letra do abecedario grego, o «*alfa*» mailo «*omega*», que interpretamos como «*principio*» e «*fin*» de tódalas cousas. Tal sucede por exemplo, no cemiterio novo de Santa María de Neda no que o aforismo redúcese a estes dous signos. Tamén no cemiterio municipal de Muros (A Coruña) aparecen estas letras a un lado e outro da porta. No norte de Lugo, o cemiterio de Xove incorpora, tamén, estas letras á súa porta de ferro.

Noutros cemiterios atoparon a representación do sol e da lúa como substitutivos das letras gregas. Así, no parroquial de Carreira/Aguiño (Ribeira) e do cemiterio parroquial de Santa Sabiña (Santa Comba) estes corpos celestes estannos a falar da luz e das tebras. Luz para os

escollidos (ceo) e tebras para os condenados (Inferno).

DIVERSOS TIPOS DE AFORISMOS

A pesar de todo o que levamos dito sobre os aforismos, cabe aínda dividilos ou encadralos en diferentes apartados, segundo as características que amosan. Esta que propoñemos sería unha clasificación reducida pero axeitada:

1º. - Aforismos ameazantes

Son aqueles que buscan na ameaza o mantemento dos bos costumes. Advirten, pois, da ira divina e do castigo sen fin que espera a todos aqueles que se afastan do recto camiño da virtude. Son deste tipo, por exemplo, o aforismo do cemiterio de Noia, no frontispicio da igrexa de Santa María a Nova, que di:

«AÑO DE 1817
Q(ue) D(e) *ESOS SEPULCROS QUE UN
DIOS JUZGA
Y CON ETERNAS MORADAS PREMIA O
PENA
AY DEL QUE IMPIO LA MEDIDA
LLENA*».

Tanto o de Betanzos como o de San Xurxo da Mariña (O Ferrol), ambos moi parecidos, serían igualmente deste tipo. Di o primeiro:

«*MANSION DE LA VERDAD ES LA QUE
MIRAS,
NO DESOIGAS LA VOZ DEL QUE TE
ADVIERTE
QUE TODO ES ILUSION MENOS LA
MUERTE*».

A variante do cemiterio de San Xurxo da Mariña, asegura que:

«*TRISTE MANSION ES LA QUE MIRAS
NO DESOIGAS LA VOZ DEL QUE TE
ADVIERTE
QUE TODO ES ILUSION MENOS LA
MUERTE*»

Estes dous aforismos teñen a súa réplica case exacta a moitos quilómetros de distancia, en Ribadavia (Ourense), onde lemos:

«*TEMPLO DE LA VERDAD ES EL QUE
MIRAS
NO DESOIGAS LA VOZ CON QUE TE
ADVIERTE,
QUE TODO ES ILUSIÓN MENOS LA
MUERTE*»

Sen embargo, o máis sorprendente é atopar en Madrid, na localidade de Pozuelo de Alarcón, na porta do seu cemiterio, esta outra posibilidade:

«*TEMPLO DE LA VERDAD ES EL QUE
MIRAS
NO DESOIGAS LA VOZ DEL QUE TE
ADVIERTE
QUE TODO ES ILUSIÓN MENOS LA
MUERTE*»

2º. Aforismos rogatorios

Como o seu propio nome indica teñen como finalidade pedir polos mortos. Polo tanto, adquiren a forma dunha oración ou a solicitan explicitamente dos visitantes. Representantes apropiados deste tipo de mensaxes serían os que achamos en Santa María de Baio (Zas), no que se repite ata dúas veces «*AVE MARÍA*», así como o do cemiterio do Berdoias (Vimianzo) no que xa dixemos que se pedía unha oración deste xeito: «*ACORADOS DE TODOS LOS FIELES DIFUNTOS. PATER NOSTER*».

3º. - Aforismos impactantes

Obviamente, o impacto nos lectores será sempre subxectivo e dependera do seu grao de relixiosidade, pero recolleremos neste apartado algúns que nos chamaron persoalmente a atención.

Entre os aforismos máis comúns non só da nosa provincia da Coruña senón do resto de Galicia está aquel que aparece no frontispicio do cemiterio de San Amaro da

cidade da Coruña, que di:

«*EL TERMINO DEL CUERPO ES EL QUE
VEIS
EL DEL ALMA SERA SEGUN OBREIS*»

e que repite case enteiramente o de San Estevo de Sedes (Narón), con estas palabras:

«*EL FIN DEL CUERPO AQUI LO VEIS
EL DEL ALMA SERA SEGUN OBREIS*»

Tamén o «*cementerio católico*» de Santa Eulalia de Tins (Vimianzo) recóllelo deste xeito máis abreviado:

«*EL CUERPO
SEGUN LO VEIS
EL ALMA, SEGUN OBREIS*»

Curioso resulta o do cemiterio parroquial de Vilarrube (Valdoviño), que aparece sobre un lateral da igrexa, xa que o camposanto se atopa arredor da mesma. Di:

«*UNA DE DOS: O NO ENTRAR
AQUI O ALABAR A DIOS. 1876*»

En San Pedro de Valenzá (Coristanco), nunha placa de mármore branca, na ponte mesma por riba da porta, lemos:

«*AQUI ACABAN PLACER Y VANOS
GUSTOS
Y EMPIEZA LA CARRERA DE LOS
JUSTOS*»

o singular deste aforismo e que con variantes atopámolo moi lonxe deste lugar: en Córcores (Avión - Ourense) e no desaparecido de Picacho (Vigo). Ademais, o vemos en Montamarta (Zamora). O da aldea de Córcores (Avión - Ourense) di:

«*AQUÍ SE ACABA EL ORGULLO,
AQUÍ SE ACABA EL RENCOR,
AQUÍ LO ÚNICO TUYO
ES LA GRACIA DEL SEÑOR.
AQUÍ SE ACABAN PLACERES
Y VANOS GUSTOS
Y COMIENZA
LA CARRERA DE LOS JUSTOS*»

Mentres que no desaparecido cemiterio de Picacho (Vigo), GONZÁLEZ MARTÍN et al. (1998), aseguran que había un que dicía:

«*AQUI SE ACABA EL PLACER Y VANOS GUSTOS*

Y EMPIEZA LA CARRERA DE LOS JUSTOS»

e para rematar, o cemiterio de Montamarta (Zamora) amosa un con esta lenda:

«*AQUI TERMINA EL REINO DE LA VANIDAD Y COMIENZA EL REINO DE LA ETERNA VERDAD*

ORIXE DOS TEXTOS UTILIZADOS NOS AFORISMOS CORUÑESES

A recollida de textos, polo que pidemos comprobar, amosa unha orixe variada, aínda que poderíamos centrarnos nestas tres fontes: aforismos procedentes dos libros sagrados, do mundo clásico e, por último, aportacións propias dos curas párrocos.

1º. Aforismos procedentes dos libros sagrados

Pódense inspirar, como sucede en ocasións, en textos sacados da Biblia, tanto do Antigo como do Novo Testamento.

a) Do Antigo Testamento

Entre outras citas, estamos seguros que, concretamente, do «*Eclesiástico*», 28.23 está tomado o aforismo do vello cemiterio de Santa María de Neda, onde se le: «*HOY POR MI, MAÑANA POR TI*», xa que no libro sagrado, ó falar dos mortos, se di: «*Pensa no seu destino, pois o seu será o teu, o seu onte, mañá o teu*».

b) Do Novo Testamento

Aparece, con certa frecuencia, a primeira parte da cita tomada do «*Apocalipse*» de San Xoán: 14.12, na que se le: «*E oín unha voz do ceo que me dicía: «Escribe: benia*



No centro do camposanto de Sillobre (Fene) atopamos estes versos de Rosalía feitos aforismo.

os mortos, que de agora en adiante morran no Señor. Si, di o Espírito, para que descansen das súas fatigas, porque as súas obras van con eles». Así, lembrámonos de que o Cemiterio Municipal do Ferrol (A Coruña), o recolle na súa expresión castelá. Tamén deste mesmo libro, pódese consideralo «*alfa*» mailo «*omega*» que adobía as portas de varios cemiterios, como acabamos de ver, pois na propia introducción a aquel libro (1.8), lemos: «*Eu son o Alfa e mailo Omega, di o Señor Deus, o que é, o que era e o que está a vir, o que todo sostén*».

2º. Aportes literarios: cando a poesía se volve aforismo

Uns versos de Rosalía de Castro que apareceron publicados no libro «*En las orillas del Sar*» (1884: 85), foron, despois, recollidos por dous cemiterios coruñeses, o municipal do Ferrol e mailo de Santa Mariña de Sillobre (Fene). No primeiro, aparecen nun lateral da capela onde se rezan os responsos, polo muro externo, e no segundo no cruceiro que se acha na parte central do camposanto. Falaba a poetisa deste xeito:

«*DE POLVO Y FANGO NACIDOS FANGO Y POLVO NOS TORNAMOS: ¿POR QUÉ PUES TANTO LUCHAMOS SI HEMOS DE CAER VENCIDOS*»

3º. - Aportacións dos petos de ánimas

Algúns textos propios dos petos de ánimas foron aproveitados, máis tarde, como aforismos cemiteriais. Os petos, polo menos algúns, son bastante máis antigos que os máis vellos cemiterios, polo que a vaga vén dos petos cara ós cemiterios e non ó revés.

Entre os epígrafes dos petos empregados como aforismos témo-lo do cemiterio de San Mamede de Laraxe (Cabanas - A Coruña), feito no ano 1921, no que se le:

«*COMO ME VES TE VERÁS*
COMO TE VES ME VI.
 NO OFENDAS A DIOS, QUE ESTÁS
 MUY CERCA DE ESTAR AQUÍ»

Os dous primeiros versos deste aforismo aparecen igualmente gravados no cemiterio parroquial de Santa María de Chavín (Viveiro - Lugo), con esta variante: «*COMO ME VES TE HAS DE VER*». Tamén o de Santa María de Vilalbe (Mondoñedo - Lugo), amosa unha redacción parecida: «*COMO TE VES, ME VI. COMO ME VES TE VERAS*», que repite exactamente o peto baixo baldaquino de Outeiro, en Salvaterra de Miño (FERNÁNDEZ DE LA CIGONA, 1996: 62).

O AFORISMO MÁIS REPETIDO NA CORUÑA E GALICIA

Na provincia da Coruña o texto que máis se repite, ata cinco veces, está tomado do Apocalipse de San Xoán, admitindo algunhas pequenas variantes. En San Martiño de Cances (Carballo) atopamos: «*DICHOSOS LOS QUE MUEREN EN EL SEÑOR*» que coincide exactamente co de Caión (Laracha). Mentres os do Ferrol e San Martiño de Cores (Ponteceso) utilizan: «*BIENVENTURADOS LOS QUE MUEREN EL EL SEÑOR*». Por último en A Barqueira (Cerdido) escolleron:

«*BIENAVENTURADOS LOS MUERTOS
 QUE MUEREN EN EL SEÑOR*»



Non podemos dicir que o texto do cemiterio de San Mamede de Laraxe resulte orixinal en exceso. Está tomado dos petos de ánimas que tanto proliferaron noutras épocas e que repetiron ata a saciedade: «Como me ves, te verás. Como te ves, me vi».

Este texto repítese igualmente por Galicia adiante, pois o vemos non menos de 10 veces. Está no lugués de Chantada e no pontevedreses de San Xoán de Tabagón (O Rosal), Xustáns (Ponte Caldelas), O Rosal, antigo municipal de Tui (agora desaparecido) e mailo de Areas (Tui) no que aparece escrito soamente a súa transcripción latina, igual que ocorre no Rosal.

O CASO ESPECIAL DOS CEMITERIOS PROTESTANTES

Dedicamos un apartado especial ós tres cemiterios protestantes que amosan aforismos nesta provincia, primeiramente, pola grande cantidade que aportan e, segundo, pola orixinalidade da maioría.

O que máis ten é o de Castro (Boiro), que amosa seis deles e lle seguen os de Soaserra (Cabanas) con catro e Ares con dous. A maioría citan puntualmente a orixe evanxélica dos aforismos que amosan. Os de Castro, enchen por completo de grandes letras mouras as paredes exteriores que dan ó camiño, para que podan ser lidos por todos aqueles que o transitan, sobre todo cando van cara á igrexa católica que se acha a moi escasos metros. Non cabe dúbida que se

trata dunha provocación por parte dos evanxélicos. Os aforismos, din:

«JESÚS DIJO:

YO SOY EL PAN DE VIDA, EL QUE A MI
VIENE NUNCA TENDRÁ
HAMBRE, Y EL QUE EN MI CREE, NO
TENDRÁ SED JAMÁS.

AL QUE A MI VIENE, NO LO ECHO
FUERA. JUAN, 6: 35, 37"

«SI CONFESAMOS NUESTROS
PECADOS, DIOS ES FIEL
Y JUSTO PARA PERDONAR NUESTROS
PECADOS, Y AMPARARNOS
DE TODA MALDAD. 1 JUAN, 1: 9"

«JESÚS DIJO:

DE CIERTO, DE CIERTO TE DIGO QUE EL
QUE NO NACIERE
DE NUEVO, NO PUEDE VER EL REINO
DE DIOS. S. JUAN, 3: 3"

«ARREPENTÍOS Y BAUTÍCESE CADA
UNO DE VOSOTROS EN EL NOMBRE
DE JESUCRISTO PARA PERDÓN DE LOS
PECADOS Y RECIBIRÉIS EL DON
DEL ESPÍRITU SANTO. HECHOS, 2: 38"

«JEHOVÁ ES MI PASTOR, NADA ME
FALTARÁ
EN LUGARES DE DELICADOS PASTOS
ME HARÁ DESCANSAR
JUNTO AGUAS DE REPOSO ME
PASTOREARÁ
CONFORTARÁ MIALMA. SALMOS, 23:
1,2,3"

«DIOS MANDA A TODOS LOS HOMBRES
EN TODO LUGAR, QUE SE
ARREPIENTAN. HECHOS, 17: 30"

Todos estes aforismos, agás o penúltimo, non os atopamos noutros lugares de Galicia. O Salmos, 23, sen embargo, aparece no cemiterio de Silleda, aínda que recollido deste xeito:

«EL SEÑOR ES MI PASTOR
AUNQUE PASE POR EL VALLE
TENEBROSO
NINGUN MAL TEMERE
PORQUE TU VAS CONMIGO:
TU VARA Y TU CAYADO
ME SOSIEGAN

Salmo 23"

O protestantismo iníciase en Castro a partir da Asemblea de Irmáns de Carreira-Ribeira, no ano 1921, da man do pastor inglés Samuel Chapman e maila colaboración de Augusto Chilcott que viña de Vigo. En 1925 ten lugar o primeiro enterramento: unha nena filla do primeiro dos bautizados neste lugar.

En Soaserra, o protestantismo chega no ano 1926 polo celo do pastor inglés Artur Ginnings, que estaba destinado en Ares, e que se aproveitou do conflito xerado por tres fregueses católicos que se negaron a paga-la «oblata» ó cura párroco. Os aforismos aparecen distribuídos máis discretamente que en Castro, así en letras mouras por riba da porta lese: «BIENAVENTURADOS LOS QUE MUEREN EN EL SEÑOR», e este mesmo epígrafe se repite na parede do fondo, pola parte de dentro xunto con dous máis que din:

«JESUCRISTO QUITO LA MUERTE
Y SACO A LA LUZ LA VIDA
Y LA INMORTALIDAD POR
ELEVANGELIO.

2ª. Timoteo, 1.10"

«YO SE QUE MI REDENTOR VIVE
Job, 19.23"

Agás o aforismo da porta principal que despois aparece no interior do camposanto, que é un dos máis comúns nos cemiterios católicos, os outros dous son enteiramente orixinais.

Outro cemiterio protestante con aforismos é o de Ares, que recolle dous sumamente orixinais e froito dunha

actuación persoal do pastor protestante que no seu momento exercía na comunidade evanxélica, unha das máis florecentes de Galicia. O cemiterio está feito no «AÑO DE 1916» segundo se le na parte alta. O aforismo da parte exterior di:


«NUESTRA ENVOLTURA CARNAL
AQUI YACE
SEPULTADA.
TODO ES POLVO...
TIERRA NADA...
¡¡SOLO EL ALMA
ES INMORTAL!!»

El aforismo interior, colocado en oposición ó outro, asegura que:

«APENAS HAY UN PASO
ENTRE MI
Y LA MUERTE.
ECHA MANO
DE LA VIDA ETERNA.

Ambos aforismos son enteiramente orixinais. Por outra banda, debemos resaltar que este é o único caso que coñecemos en Galicia no que aparece un aforismo colocado pola parte interior da porta de entrada, de xeito que podamos lelo ó saír do cemiterio. É, polo tanto, un aviso ó que abandona o camposanto que se ve obrigado a ler: *APENAS HAY UN PASO ENTRE* eu que saio pola porta *Y LA MUERTE* que está dentro. Pensemos no que nos espera, *ECHA MANO*, como di textualmente o aviso, *DE LA VIDA ETERNA*.

Os protestantes iniciaron a súa primeira intervención en Ares no mes de maio de 1916, inaugurando a súa capela evanxélica sete meses máis tarde. O cemiterio aparece na banda esquerda do católico que se estreaba, casualmente, por aquel mesmo ano.



Moitos foron os pastores protestantes que a finais do século XIX e principios do XX traballaron na Coruña. Entre eles destacámo-la actuación de Luís Fernando Wirtzy Preto que dende Vilagarcía e o Grove levou o evanxeo por toda a ría de Arousa. Os seus restos repousan no cemiterio do Grove.

BIBLIOGRAFÍA CITADA NO TEXTO

FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, E., 1996, «Aproximación ós petos de ánimas da provincia de Pontevedra. Os petos cara ó ano 2000». *Pontevedra, Revista de Estudos Provinciais*, nº 12: 27-73.

FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, E., 2002, «Política cemiterial e aforismos dos cemiterios de Galicia, España e Portugal». *Pontevedra, Revista de Estudos Provinciais*, nº 17: 37-78.

GONZÁLEZ MARTÍN, G.; PABLOS, F. & VÁZQUEZ GIL, B. M., 1998, *A cidade dos Mortos. Pereiró: 1888-1998*. Concellería de Sanidade e Benestar Social do Concello de Vigo (Pontevedra).